



Instrución: 4/2013

Data: 3 de xuño de 2013

Asunto: INSTRUCCIÓN 004/13 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A PRESCRIPCIÓN E REINTEGRO DE GASTOS DO MATERIAL ORTOPROTÉSICO

Orixe: XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Ámbito: XERENCIAS DE XESTIÓN INTEGRADA

O Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, do Ministerio de Sanidade Consumo, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, fixa as bases polas que se regula a prestación ortoprotésica no Sistema Nacional de Saúde.

En cumprimento do previsto no artigo 11 do antedito Real decreto, e no artigo 55 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o 15 de xuño de 2013 entrará en vigor a Orde de 28 de maio de 2013 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia e se aproba o catálogo xeral de material ortoprotésico.

O catálogo xeral de material ortoprotésico especifica os produtos que son financiados polo Servizo Galego de Saúde e establece criterios clínicos para a prescripción dalgúns deles.

Así mesmo a citada orde tamén establece no seu artigo 4 o reintegro de gastos como modalidade de financiamento destas prestacións ás persoas usuarias.

En base ao referido con anterioridade, e aos efectos de dar a coñecer as previsións contidas na citada orde respecto do establecemento dun procedemento único de prescripción e reintegro no ámbito do Servizo Galego de Saúde, considerase necesario proceder a ditar as seguintes :

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico

O Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico contén os produtos que poderán ser prescritos polos/as facultativos/as do Servizo Galego de Saúde e/ou de centros concertados co Servizo Galego de Saúde.

O devandito catálogo foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 104, do 3 de xuño de 2013, accesible no seguinte enlace:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130603/AnuncioC3K1-280513-0001_gl.html

INSTRUCCIÓN 4/13



Segunda. Identificación dos produtos

No catálogo recóllese para cada artigo o código, condición do produto (fabricación/adaptación), descrición, normas de prescrición, importe máximo reembolsable, do que se descontará o aporte do usuario establecido polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, se procede, e duración mínima.

Terceira. Código e descrición.

Os produtos defínense e identifícanse por un código e unha descrición. Se estes identificadores non se corresponderan, o establecemento dispensará o produto atendendo á súa descrición.

Cuarta. Fabricación/Adaptación.

Cada produto do catálogo ven identificado cun F ou cun A.

Os produtos identificados cun F (fabricación) só poderán ser dispensados polos establecementos que estean autorizados, que dispoñan da licenza de funcionamento de fabricantes de produtos sanitarios a medida, segundo os requisitos establecidos normativamente pola administración sanitaria, e que teña asinado o acordo de colaboración co Servizo Galego de Saúde.

Os produtos identificados cun A (adaptación) poden ser dispensados por calquera establecemento sanitario previamente autorizado ao efecto, de acordo coa lexislación vixente que lles resulte de aplicación, e que teña asinado o acordo de colaboración co Servizo Galego de Saúde.

Quinta. Descrición da prótese.

A estrutura do catálogo continúa favorecendo a personalización da prescrición, deste xeito o/a facultativo/a terá liberdade para deseñar un produto especificamente adaptado ás características e necesidades de cada paciente.

Sexta. Normas de prescrición.

6.1. Folla de prescrición: a prescrición farase utilizando a prescrición electrónica no aplicativo correspondente, podendo utilizar a folla de prescrición incorporada como Anexo II da Orde de 28 de maio de 2013, mentres non se habilite a antedita prescrición electrónica.

Cada produto ortoprotésico prescribírase nunha única folla de prescrición. Sen embargo, poderanse prescribir varios produtos na mesma folla de prescrición nas seguintes situacións:

- a) Cando se trate dun produto principal cos seus diferentes accesorios.
- b) Cando sexan recambios de varios accesorios do mesmo produto principal.
- c) No caso de bilateralidade, xa que é o mesmo produto para ambos lados, esquerdo e dereito.

A folla de prescrición estará debidamente cuberta e non presentará emendas nin tachaduras, salvo que foran salvadas pola sinatura do/a facultativo/a correspondente coa lenda “vale” ou “vale emenda”.



6.2. Facultativos/as prescrites/as: a prescrición de material ortoprotésico pode ser realizada polos/as facultativos/as especialistas na materia correspondente á clínica que xustifique a prescrición, tanto os da rede propia como os dos hospitais vinculados ao Servizo Galego de Saúde mediante concerto, cando a especialidade que corresponda ao problema de saúde que orixina a prestación fora concertado polo Servizo Galego de Saúde nese centro.

Seguiranse as normas para a prescrición establecidas no Anexo II da Orde de 28 de maio de 2013. Deste xeito:

- As próteses externas de membros, as cadeiras de rodas posicionadoras, os sistemas de sedestación, as cadeiras de rodas eléctricas, o equipamento para a aprendizaxe do movemento e os calzados ortopédicos a medida tan só poderán ser prescritos por especialistas en Medicina Física e Rehabilitación.
- Os audífonos e os moldes adaptadores, así como os recambios dos implantes cocleares tan só poden ser prescritos por especialistas en Otorrinolaringoloxía.
- Os cascos craneais só poderán ser prescritos por facultativos/as especialistas en Neurocirurxía, Cirurxía Pediátrica ou Medicina Física e Rehabilitación.
- Os/As facultativos/as especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria poderán realizar a prescrición de todos os artigos do catálogo de material ortoprotésico salvo os de fabricación a medida e os sinalados con anterioridade. Así mesmo, poderán realizar a indicación do recambio de todos os produtos establecidos no catálogo, salvo dos sinalados con anterioridade con prescrición específica do/a facultativo/a especialista correspondente.

Os/As facultativos/as prescrites/as informarán ás persoas usuarias dos produtos catalogados como recuperables, así como da posibilidade de dispor destes produtos, en réxime de préstamo sen custo algún.

6.3.- Prescricións de próteses provisionais: cando un/unha paciente precise unha prótese provisional, existe a posibilidade de prescribir o encaixe provisional correspondente, así como dos outros elementos necesarios.

Desta forma, unha vez se prescriba a prótese definitiva, só será preciso substituír o encaixe provisional polo definitivo, podendo seguir utilizando o resto dos elementos xa prescritos inicialmente.

6.4. Prescrición de cadeiras de rodas: os/as facultativos/as prescrites/as, antes de realizar a prescrición, informarán ás persoas usuarias de que este é un produto catalogado como recuperable, e o procedemento para ter a posibilidade de dispor deste produto en réxime de préstamo, sen custo algún.

O/A facultativo/a prescribirá unha cadeira de rodas tendo en conta os protocolos de prescrición, se é o caso, e os criterios de indicación específicos en cada unha delas. Os protocolos de indicación xúntanse no Anexo II desta instrución.

As cadeiras de rodas teñen o carácter de recuperable, por isto é preciso que o/a paciente asine o compromiso de devolución para cando deixe de necesitala.

Cada Xerencia de Xestión Integrada establecerá o procedemento de entrega e almacenaxe das cadeiras de rodas, adaptado ás súas necesidades e capacidades, así como o procedemento para o réxime de préstamo.

6.5.- Prescrición de miopróteses eléctricas e cascos craneais: os/as facultativos/as

correspondentes farán a prescrición de mioprótese eléctrica ou de casco craneal tendo en conta os protocolos de prescrición e os criterios de indicación específicos que se xuntan no Anexo II desta circular.

6.6. Lateralidade: para a prescrición dun mesmo produto do catálogo para ambas extremidades, na folla de prescrición farase constar expresamente a dita lateralidade na xustificación clínica, e sinalarase o código e descrición do produto.

Sétima. Autorización previa.

Será precisa a autorización previa na correspondente Xerencia de Xestión Integrada nos seguintes casos:

- 1.- Reparacións.
- 2.- Mellora da prestación.

Cada Xerencia de Xestión Integrada porá en marcha un procedemento áxil na cumprimentación da autorización previa.

Oitava. Visto e prace do persoal sanitario.

O visto e prace do persoal sanitario só é necesario á recepción do produto pola persoa usuaria nos produtos de fabricación a medida, nas cadeiras de rodas posicionadoras e nas cadeiras de rodas eléctricas.

O visto e prace deberá efectuarse sempre trala dispensación por parte do establecemento sanitario. Unha vez comprobado polo persoal sanitario correspondente que o produto descrito é o indicado e se adapta á persoa usuaria, o establecemento procederá a facturarlle a esta o mesmo.

Cada Xerencia de Xestión Integrada porá en marcha un procedemento áxil na cumprimentación do visto e prace polo persoal sanitario correspondente.

Novena.- Prezo.

Os importes máximos que os establecementos sanitarios poden facturar á persoa usuaria aparecen recollidos no catálogo como importe máximo, máis o IVE que corresponda. Dita cantidade non poderá ser superada, salvo que a persoa usuaria solicite a mellora da prestación.

Mellora da prestación: a persoa usuaria, previa autorización na correspondente Xerencia de Xestión Integrada, pode solicitar no establecemento sanitario a dispensación dun artigo que, polas súas características técnicas, mellore ao establecido no catálogo. Neste caso, a diferenza entre o prezo establecido no catálogo e o prezo do artigo elixido será por conta da persoa usuaria.

Do importe máximo recollido no catálogo non se reembolsará o establecido normativamente como achega da persoa usuaria polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

Décima. Período de garantía.

Todos os produtos teñen unha garantía do establecemento sanitario, no referente aos materiais empregados, elaboración e adaptación dos mesmos. A duración da garantía é de 24 meses, segundo a normativa de aplicación.

Serán a conta do establecemento as reparacións ou substitucións debidas a fallos no produto causados por compoñentes defectuosos ou fallos na fabricación ou adaptación.

Durante o período de garantía, o Servizo Galego de Saúde non correrá cos gastos de reparación nin de recambio que non fosen consecuencia dun cambio nas necesidades da persoa usuaria.

Décimo primeira. Duración mínima.

O Anexo I desta Instrución recolle para cada produto un período de duración mínima, entendido como o período de tempo durante o cal o produto realiza a función para a que foi deseñado, sempre que a persoa usuaria cumprira as recomendacións de utilización normal e as advertencias para evitar o seu mal uso. Despois deste tempo o/a facultativo/a, se o considera oportuno, poderá facer unha nova prescrición ou recambio.

Cando non se teña cumprido o período de duración mínima, e exista un deterioro que impida a utilización normal do produto, e non sexa debida a mal uso da mesma, nin defectos imputables a compoñentes defectuosos ou fallos na fabricación ou adaptación, poderase facer a prescrición dun recambio, xustificando o/a facultativo/a prescriptor/a a situación pola que se fai o mesmo [cambios na situación clínica da persoa usuaria, tendo en conta a súa idade os correspondentes a cambios de crecemento ou cambios morfolóxicos derivados da evolución da patoloxía, ou, excepcionalmente, desgaste completo polo uso continuado (Anexo III)].

Décimo segunda. Pacientes ingresados/as e ambulatorios/as

No caso de pacientes ingresados/as e cando o material ortoprotésico se necesite antes da alta, sendo necesaria a entrada do/a técnico/a ortopédico/a para iniciar o proceso de elaboración ou adaptación do produto coa toma de medidas ou moldes, garantirase por parte dos centros do Servizo Galego de Saúde o acceso ao hospital dos/as técnicos/as do establecemento elixido libremente polo/a paciente.

No caso de pacientes ambulatorios/as, só nos casos de produtos especialmente complexos de elaborar e exclusivamente no momento da proba do produto ao/á paciente, poderá o/a facultativo/a solicitar a presenza simultánea do/a paciente e do/a técnico/a do establecemento elixido libremente polo/a paciente.

Décimo terceira. Información á persoa usuaria por parte do/a facultativo/a prescriptor/a.

O/A facultativo/a, coa folla de prescrición, informará á persoa usuaria das condicións da prestación e en especial de:

- a) O sistema de financiamento por reintegro de gastos: a estes efectos indicarlle a unidade administrativa encargada de tramitar o expediente e facilitaralle copia da relación de documentos requiridos para o trámite (Anexo IV).
- b) Listaxe de establecementos conveniados para a dispensación a prezo de catálogo.
- c) Procedemento de devolución de cadeiras, se é o caso.



Décimo cuarta. Procedemento de solicitude de reintegro de gastos.

1.- O prazo para efectuar a solicitude de reintegro de gastos será de cinco anos, a contar dende a data de prescrición do produto.

2.- As solicitudes de reintegro de gastos poderán presentarse no rexistro da Consellería de Sanidade ou en calquera outro rexistro oficial, de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Tamén poderán ser presentadas no centro de saúde que lle corresponda á persoa usuaria ou no seu centro hospitalario de referencia.

Cada xerencia deberá adoptar as medidas necesarias para que no centro de saúde se poda recoller a data de presentación da solicitude e se indique aos/ás responsables de cada centro o departamento concreto onde deberán reenviar a mesma, designándoo para a súa tramitación e resolución.

3.- Para solicitar o reintegro da prestación a persoa usuaria deberá acompañar a documentación que figura recollida no Anexo IV da presente orde.

4.- A Xerencia de Xestión Integrada á que corresponda tramitar e resolver o expediente poderá requirir ao/á solicitante a subsanación das deficiencias detectadas na documentación presentada, ou a presentación de documentación complementaria necesaria para proceder á resolución do expediente. No escrito de requirimento indicárase ao/á interesado/a que, no caso de non atendelo no prazo de 10 días, procederase ao arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 71 na LRXPAC.

Décimo quinta. Importe a reintegrar

O importe máximo a reintegrar ao/á solicitante será o que resulte da aplicación dos seguintes criterios:

- O prezo do produto, que en ningún caso será superior ao establecido no Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico.
- O importe anterior incrementarase na cantidade que corresponda polo Imposto do Valor Engadido (IVE).
- Ao importe así calculado descontaráselle a achega que corresponda realizar á persoa usuaria segundo o establecido polo Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdad.

Décimo sexta. Autorización da cesión de crédito (endoso)

O Servizo Galego de Saúde poderá autorizar a cesión de crédito do importe do reintegro do gasto do produto ao establecemento sanitario subministrador do mesmo. Nestes casos ademais da documentación relacionada na cláusula décimo cuarta, deberá aportarse a aceptación da cesión de crédito tanto pola persoa usuaria como por parte do establecemento sanitario dispensador, de acordo co modelo que se xunta como Anexo VI, correspondendo ao establecemento sanitario a tramitación do expediente de reintegro e a aportación dos seus datos bancarios para o pagamento do importe correspondente.



Décimo sétima. Resolución

A resolución da solicitude de reintegro de gastos corresponderá ao/á xerente da Estrutura de Xestión Integrada na que figure rexistrada a persoa usuaria da prestación en tarxeta sanitaria. Unha vez analizada e comprobada a documentación presentada, o/a xerente deberá ditar resolución motivada na que autorice, total ou parcialmente, ou denegue, a citada solicitude.

Contra a resolución do dito reintegro procederá a interposición dunha reclamación previa ante a Xerencia que resolveu, no prazo de 30 días dende a súa notificación, ou dende a data que se entenda denegada por silencio administrativo, de acordo co establecido nos artigos 69 e seguintes da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. A dita reclamación deberá contestarse expresamente no prazo de 45 días. No caso contrario entenderase desestimada a reclamación por silencio administrativo.

No seu caso, a tramitación da proposta de pagamento correspondente non poderá ter un prazo superior aos 60 días dende a resolución favorable do reintegro do órgano competente.

Décimo oitava. Derrogación

Esta instrución deixa sen efecto o establecido na Circular 1/2003 de regulación da prestación ortoprotésica e na Resolución do 23 de febreiro de 2004, sobre acceso das ortopedias aos centros hospitalarios.

Décimo novena. Entrada en vigor

A presente Instrución será de aplicación o mesmo día de entrada en vigor da Orde de 28 de maio de 2013 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2013

A Xerente do Servizo Galego de Saúde

(P.S. Art. 5.3 Decreto 43/2013, do 21 de febreiro)

O director xeral de Asistencia Sanitaria

Félix Rubial Bernárdez

INSTRUCCIÓN 4/13



ANEXO I: CATÁLOGO DE PRESTACIÓN ORTOPROTÉSICA ACTUALMENTE VIXENTE

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130603/AnuncioC3K1-280513-0001_gl.html



ANEXO II: PROTOCOLOS DE PRESCRICIÓN



1. PROTOCOLO PARA A PRESCRICIÓN DE CADEIRAS DE RODAS *POSICIONADORAS* (CÓDIGO 122100 011 B) PARA PACIENTES MAIORES DE 16 ANOS

Hospital e servizo solicitante:	Espacio destinado á Tarxeta Sanitaria ou á Etiqueta. No caso de escribir os datos á man, consignar nome e apelidos e nº de tarxeta sanitaria
Datos identificativos do facultativo prescriptor:	
Sinatura:	

Marque o diagnóstico

<input type="checkbox"/>	Secuelas parálise infantil	<input type="checkbox"/>	Traumatismos craneoencefálicos
<input type="checkbox"/>	Tumores cerebrais	<input type="checkbox"/>	Secuelas Meningoencefalitis
<input type="checkbox"/>	Encefalopatías dexenerativas	<input type="checkbox"/>	Enfermidades neurodexenerativas
<input type="checkbox"/>	Outro diagnóstico:		

A cadeira *posicionadora* (código 122100 011 B) será prescrita cando concurren nun paciente as seguintes condicións:

<input type="checkbox"/>	Paciente sen capacidade para deambular de xeito permanente			
<input type="checkbox"/>	Sen capacidade para autopropulsarse			
<input type="checkbox"/>	Que vivan nun entorno adecuado para o seu uso			
Alteracións	<input type="checkbox"/>	Non control de colo	<input type="checkbox"/>	Desviacións vertebrais asociadas
	<input type="checkbox"/>	Non control da pelvis	<input type="checkbox"/>	Non control do tronco

Data de aceptación do compromiso de devolución polo paciente ou familiar	Declaro que acepto as condicións establecidas na normativa vixente da Consellería de Sanidade, comprométome a devolver ao <i>Servizo Galego de Saúde</i> a cadeira de rodas en perfectas condicións hixiénico sanitarias, en canto non se necesite para o fin para o que foi prescrita
Sinatura do paciente ou familiar:	



2. PROTOCOLO PARA A PRESCRICIÓN DE CADEIRAS DE RODAS ELÉCTRICAS

Cadeiras de rodas con motor eléctrico e dirección eléctrica: Prescribir a pacientes con limitacións funcionais graves do aparello locomotor por enfermidade, malformación ou accidente, que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

1. Incapacidade permanente para a marcha independente
2. Incapacidade funcional permanente para a propulsión de cadeiras de rodas manuais coas extremidades superiores
3. Suficiente capacidade mental, visual e de control para manexala, e que non supoñan un risco engadido para a súa integridade e a doutras persoas
4. Que vivan nun entorno adecuado para o seu uso

Balance articular/rixideces (cadeiras, xeonllos, pes, columna, pelvis)

.....

Funcionalidade da man (dereita, esquerda)

.....

Balance muscular de membros superiores

.....

Capacidade visual, auditiva e mental

.....

Control de cabeza e tronco Si Non

Movements voluntarios intencionais controlados Si Non

Movements anómalos Si Non

Sensibilidade Normal Diminuída Anestesia

Capacidade funcional cardio-respiratoria

Normal Incapacidade leve Incapacidade grave

Condicións do entorno que poden condicionar o seu uso (vivenda, accesos, medio no que vive)

.....



3. PROTOCOLO ASISTENCIAL PARA A PRESCRICIÓN DE CASCOS CRANEAIS EN PLAXIOCEFALIAS POSTURAS EN NENOS DE 5 A 15 MESES DE NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Os neonatos con plaxiocefalia posicional están excluídos deste protocolo.

O neno tratado con alternancia de postura e tratamento rehabilitador, que non obtén resposta en 6-8 semás e que presenta plaxiocefalia moderada ou grave, se o require, será enviado ao **servizo de neurociruxía, rehabilitación infantil ou cirurxía pediátrica**, onde se valorará a necesidade de prescrición de ortese cranial.

Se **non se cree indicada a prescrición dun casco ortopédico**, o paciente será remitido polo especialista prescriptor, de novo ao seu pediatra, para continuar co tratamento posicional.

Plaxiocefalia posicional:	<input type="checkbox"/> Unilateral	<input type="checkbox"/> Bilateral	
Idade do paciente:	_____		
Sexo:	<input type="checkbox"/> Varón	<input type="checkbox"/> Femia	
Índice de asimetría cranial:	<input type="checkbox"/> 0-10 mm	<input type="checkbox"/> 10-20 mm	<input type="checkbox"/> superior a 20 mm
Deformidade na rexión craniofacial:	<input type="checkbox"/> Sí	<input type="checkbox"/> Non	
Graos de plaxiocefalia posicional:	<input type="checkbox"/> Moderado	<input type="checkbox"/> Grave	

Indicación do casco cranial por:

<input type="checkbox"/> Grao de plaxiocefalia moderado
<input type="checkbox"/> Grao de plaxiocefalia grave
<input type="checkbox"/> Outras deformidades (especificar): _____
<input type="checkbox"/> Plaxiocefalia que se acompaña de crara deformación facial
<input type="checkbox"/> Post-operatorio de cirurxía craniofacial

4. PROTOCOLO DE PRESCRIPCIÓN DE PRÓTESE MIOELÉCTRICA UNILATERAL DE EXTREMIDADE SUPERIOR

Prescribir a pacientes que cumpran os seguintes requisitos:

- Paciente adulto con amputación recente, con vida laboral activa e con capacidade para a mobilización activa da extremidade contralateral.
- Muñón de amputación en boas condicións anatómicas que permitan unha boa implantación de electrodos nos músculos correspondentes.
- No caso de desarticulación de ombro, valoración da súa indicación por equipo de expertos.
- En nenos con axenesias ou amputacións recentes, vida escolar activa e bo nivel de colaboración, así como actitude positiva e de colaboración por parte do entorno familiar.
- En todos os casos, capacidade de aprendizaxe para a manipulación da prótese e indicación por un médico especialista en Medicina Física e Rehabilitación, que teña ao seu alcance recursos para a rehabilitación e o seguimento do paciente.



ANEXO III: CASOS QUE REQUIREN XUSTIFICACIÓN CLÍNICA PARA RECAMBIO

- Cambio na situación clínica do paciente
- Deterioro, non debido a mala utilización por parte do usuario, que impide a utilización normal do produto
- Cambios no crecemento, en menores de 18 anos
- Cambios morfolóxicos derivados da evolución da patoloxía, en menores de 18 anos



ANEXO IV: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLA PERSOA USUARIA PARA O PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE GASTOS

- Solicitude do reintegro de gasto asinada pola persoa usuaria ou o/a seu/súa representante legal (neste caso deberá presentar a documentación xustificativa da representación), na que conste o NIF do/a receptor/a da prestación e os datos identificativos da conta bancaria, así como, no caso de que o produto fose unha cadeira de rodas ou outro produto con carácter recuperable, o compromiso asinado para a súa devolución ou xustificación da súa devolución.
- Folla de prescrición realizada polo/a facultativo/a especialista do Servizo Galego de Saúde, e que lle será facilitada por este
- Copia da ficha técnica do produto dispensado, que lle será facilitada polo establecemento sanitario. No caso de prescrición de caixa de control de cadeira eléctrica ou mando para cadeira eléctrica deberá presentar a ficha técnica do produto prescrito e a ficha técnica da correspondente cadeira eléctrica.
- Factura orixinal da adquisición do material ortoprotésico, facilitada polo establecemento sanitario, na que conste de forma expresa e clara o produto dispensado, o código que segundo o catálogo lle corresponde, o importe aboado e a data efectiva de adquisición
- Documento de cesión de crédito (endoso), se é o caso
- Copia do informe médico para recambio, de ser o caso, no que se especifique a súa xustificación clínica, facilitado polo facultativo
- Copia do protocolo de prescrición facilitado polo facultativo, se é o caso
- Copia da resolución da Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica nos supostos en que sexa necesaria a súa autorización previa á prescrición do produto

Documentación para o procedemento de autorización previa de reparación:

- Copia da folla de prescrición
- Orzamento da reparación

Documentación para o procedemento de autorización previa de mellora:

- Copia da folla de prescrición
- Ficha técnica do produto prescrito
- Ficha técnica do produto solicitado



ANEXO V: SOLICITUDE DE REINTEGRO DE GASTOS



PROCEDIMENTO

REINTEGRO DE GASTOS DE PRESTACIÓN ORTOPROTÉSICA AO ABEIRO DA ORDE DO 28 DE MAIO DE 2013 POLA QUE SE REGULA A PRESTACIÓN ORTOPROTÉSICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DOCUMENTO

SOLICITUDE

Os campos sinalados con * son obrigatorios

DATOS DO PERCEPTOR DA PRESTACIÓN

NOME *	PRIMEIRO APELIDO *	SEGUNDO APELIDO *	NIF *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO *	LOCALIDADE *		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL *	PROVINCIA *	CONCELLO *	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	CIP TARXETA SANITARIA *	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO REPRESENTANTE (achegar documento que acredite a representación)

NOME	NIF	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TIPO DE REPRESENTACIÓN			
<input type="radio"/> REPRESENTANTE LEGAL	<input type="radio"/> GARDADOR DE FEITO	<input type="radio"/> PAI / NAI / TITOR DO MENOR (menores de 18 anos)	<input type="radio"/> REPRESENTANTE

MOTIVO DA PETICIÓN (artigo 70.1b) Lei 30/1992:

DATOS BANCARIOS DO PERCEPTOR DA PRESTACIÓN OU DO REPRESENTANTE

NOME DA ENTIDADE	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DE CONTACTO (Opcional)

Para facilitar a tramitación do servizo autorizo á Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde a utilizar os medios de contacto aquí indicados (cubrir só aqueles medios que desexen sexan empregados para futuras comunicacións).

TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

COMPROMISO DEVOLUCIÓN DE CADEIRA DE RODA S E/OU OUTROS PRODUCTOS RECUPERABLES

D/Dña acepta as condicións establecidas na norma vixente e acepta devolver a cadeira de rodas unha vez finalizado o seu uso.

Data:

Asdo:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos os datos consignados nesta solicitude.

- Autorizo á Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON

SINATURA (Nome e apelidos)

En calidade de : PERCEPTOR DA PRESTACIÓN REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido á Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

O/A asinante autoriza a cesión dos datos de carácter persoal facilitados a terceiros ou aos encargados do tratamento que autorice a Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde, que se obrigarán a dedicalos en exclusiva para a finalidade coa que foron creados os ficheiros de datos.

CONDICIÓN DE USO DO PROGRAMA DE COMUNICACIÓN COA CIDADANÍA:

Vostede participa de xeito voluntario no programa de comunicación telemática.

Este servizo só estará dispoñible para os/as usuarios/as que acheguen a súa información de contacto.

No momento de entregar esta solicitude deberá identificarse amosando o seu DNI.

No caso de solicitar información sobre persoas ás que represente legalmente (patria potestade ou incapacitación xudicial do solicitante), deberá acreditar este feito de maneira documental.

Autoriza expresamente a que a Consellería de Sanidade lle realice notificacións a través dos números de teléfono (fixo e móbil) e da conta de correo electrónico facilitados.

A recepción de mensaxes SMS será gratuíta para o/a paciente.

A recepción errónea de avisos, ou non recepción ou lectura, carecerá de efectos xurídicos nos respectivos procedementos. A Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde non se fai responsable das consecuencias xurídicas derivadas da non recepción ou da recepción incorrecta destas mensaxes.



ANEXO VI: DOCUMENTO DE CESIÓN DE CRÉDITO

Ref:

D/Dna., con
DNI, núm. de tarxeta sanitaria
e domicilio a efectos de notificacións en.:

.....
.....
.....

EXPOÑO

Con data/..../..... o establecemento,
adherido ao correspondente acordo de colaboración para a dispensación de material ortoprotésico
do Servizo Galego de Saúde, dispenseime o produto,
identificado no Catálogo Xeral de Material Ortoprotésico como segue:

Código do produto.....

Descrición do produto.....

Polo anterior, de conformidade co disposto no art. 4.2 da Orde do 28 de maio de 2013 pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia,

SOLICITO

A cesión do crédito correspondente ao devandito produto en favor do establecemento sanitario arriba indicado.

Localidade, data e sinatura do/a usuario/a ou representante legal

D/Dna.,
en calidade de representante legal do establecemento sanitario,
con CIF e domicilio en,
.....

por medio da presente procede á toma de razón e aceptación da cesión de crédito efectuada,
motivo polo cal solicita a expedición da correspondente orde de pagamento, que se fará efectiva na
seguinte entidade e número de conta:

Localidade, data, sinatura e selo do establecemento